

BREVE GUÍA PARA A ELABORACIÓN DE **ESENCIAIS**

1 Título e subtítulo

O **Esencial** debe levar un título e un subtítulo. Sempre que sexa posible o título debe ser o nome da materia á que se orienta o **Esencial**. Grafarase en maiúsculas

ANATOMÍA HUMANA

TÉCNICAS ANALÍTICAS E INSTRUMENTAIS

DEREITO CIVIL GALEGO

ESTADÍSTICA DESCRIPTIVA

O subtítulo debe ser explicativo do contido do **Esencial**. Grafarase en minúsculas, tamén a inicial.

ANATOMÍA HUMANA

cabeza e tronco

TÉCNICAS ANALÍTICAS E INSTRUMENTAIS

introdución ás técnicas de separación cromatográficas

DEREITO CIVIL GALEGO

tipos e réxime de propiedade do monte en Galicia

ESTADÍSTICA DESCRIPTIVA

resumos numéricos e representacións gráficas

2 Autoría

Cómpre indicar o nome e apelidos do autor ou autora, autores ou autoras seguido do(s) departamento(s) universitario(s) de pertenza.

Carmen García Jares, Marta Lores Agúin (Dpto. de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía)

3 Contido

3.1 Formato

Só se admitirá contido en soporte dixital. Aceptaranse os seguintes formatos:

.doc ou .docx

O contido presentarase como documento de Word que conteña os textos, ilustracións, gráficos, táboas ou ecuacións colocadas, na medida do posible, no lugar que corresponda.

- entregarse un arquivo en formato .doc ou .docx
- entregarse tamén un arquivo en formato .pdf

.pdf

No caso de utilizar LaTeX ou outros editores poderase entregar xa o traballo final en formato .pdf. Neste caso é imprescindible entregar dous arquivos finais:

- un arquivo.pdf organizado na medida do posible, para que o deseñador comprenda cal é o resultado final que se pretende (sobre todo en canto á colocación de ecuacións, gráficas, táboas...)
- un arquivo .pdf co contido sen maquetar (sen cores, sombras, fondos...) que o deseñador utilizará como base de importación

.ppt ou .pptx

O contido presentarase como documento de PowerPoint que conteña os textos, ilustracións, gráficos, táboas ou ecuacións colocadas, no posible, no lugar que corresponda.

- entregarse un arquivo en formato .ppt ou .pptx
- entregarse tamén un arquivo en formato .pdf

3.2 Ilustracións

Se existen ilustracións, independentemente do formato en que se entregue o traballo final (.doc, .pdf, .ppt...), ademais de viren inseridas no documento, cómpre enviar os arquivos á parte **de cada unha delas** en formato .jpg ou .png ou .tiff

É importante que contén cunha boa resolución para impresión. Na seguinte ligazón explícase como comprobar os tamaños:

<http://impreampra.com/contenido/17-resolucion-de-imagenes-impresion>

Todas as imaxes deben ser de autoría propia ou contar coas preceptivas licenzas ou ser do tipo *Creative Commons*.

3.3 Redacción

É recomendable:

- Crear textos con frases curtas
- Ordenar as frases dunha maneira lóxica
- Utilizar epígrafes que faciliten a lectura
- Procurar limitar as negacións no texto
- Escribir, a primeira vez e entre paréntese, o significado das abreviaturas ou das siglas
- Non abusar das maiúsculas
- Utilizar o **corrector** ortográfico de galego
- Utilizar **bUSCatermos**, o buscador terminolóxico da USC. Existe versión web (usc.gal/buscatermos) e aplicación para móbiles (*Applestore* e *Playstore*)

3.4 Cuestións gráficas

Empregarase preferentemente a fonte **Calibri**, tamaño **11** puntos.

As **epígrafes** numeraranse (1. Epígrafe; 1.1. Epígrafe; 1.1.1. Epígrafe...) e destacaranse cunha cor diferente á do texto.

4 Revisión

O Servizo de Normalización Lingüística supervisará a calidade lingüística, estilística e terminolóxica dos **Esenciais** conxuntamente cos seus autores. O Servizo designará unha persoa para que asegure estes extremos e actúe como interlocutor entre os autores e o SNL.

A Real Academia Galega de Ciencias revisará e avalará a calidade científica nos Esenciais en que sexa pertinente, para iso, a aqueles Esenciais de áreas de coñecemento abrangidas polas diversas Seccións da Real Academia Galega de Ciencias asignaráselles por parte deste organismo un colaborador que velará pola calidade científica do texto.